

Velaquí un breve resumo dos traballos entregados en nadal de 2007:

Presenta: **Juan**

Grupo: **Artic Monkeys**

Álbum: **Whatever people say I am, that's what I'm not**

Canción: **I bet you look good on the dancefloor**

Media das notas outorgadas á canción: **6,27**



Este tema segue un bo ritmo no que o seu cantante ten unha tonalidade moi característica (**Carlos**).

Estivo moi ben, o ritmo foi constante non como noutros grupos deste estilo. Gustoume tamén moito que o cantante non puxese voz de *falsete*, como no *Mago de Oz* (**Miguel**).

A canción soa moi ben, gústame, ten un ritmo peculiar, cambios de ritmo que fan a canción moi pegadiza, sendo os instrumentos máis notables a batería e o baixo xunto coa voz cantante é moi interesante, a canción faise impresionante (**Andrea S.**).

A canción en xeral gústame, aínda que ao ser a gravación do concerto en directo o non é moi bo. A melodía non me gusta moito, sen embargo o ritmo está bastante ben. Nunca ouvira unha canción deste grupo (**Antía**).

A maioría das cancións deste grupo falan dun realismo social. Esta está baseada niso e foi o primeiro single, unha canción moi famosa. É unha canción rápida, con moita marcha (**Noemí**).

Presenta: **Martín**
Grupo: **Pereza**
Álbum: **Aproximaciones**
Canción: **Dos Gotas**
Media das notas outorgadas á canción: **6,36**



Bastante boa (**Fernando**).

Este grupo gústame moito, por como cantan, por como tocan e sobre todo pola letra das súas cancións. Expresan sentimentos de amor, no un se sente identificado (**Alejandra**).

Nunca escoitara esta canción posto que é do seu novo disco e apenas escoitei tres ou catro cancións. Esta en especial gústame (**Julia**).

O grupo que escolleu gústame moito, sempre expresan moitos sentimentos a través das súas cancións, ademais estas teñen un ritmo moi pegadizo (**María R.**).

A voz do cantante non é unha desas que dis tremenda voz, pola contra, parece dunha persoa calquera, pero ten algo peculiar que gusta, pode que o seu ton rouco ás veces, ou o sentimento que lle pon o autor, pero enganxa (**Andrea B.**).

O grupo é un dos meus favoritos e a canción é moi bonita, realmente gústame moito xa que é do tipo que a min me gusta (**Juan Carlos**)

Presenta: **Alejandra**

Grupo: **Maná**

Álbum: **Amor es combatir**

Canción: **Bendita tu luz**

Media das notas outorgadas á canción: **6,50**



Boa, gustoume polos ritmos latinoamericanos (**Fernando**).

En xeral gustoume moito Maná, e aínda que ten para o meu gusto moitas cancións mellores, esta canción está ben. O ritmo desta é bastante lento (**Pablo**).

Maná gústame moito e esta canción é unha das mellores que ten, pero aínda así ten un ritmo lento e sentimental, o que predomina neste grupo (**Juan Carlos**).

A min este grupo encántame, todas as súas cancións, as letras, o ritmo... e esta canción é a miña preferida, encántame a música, a letra e ademais é moi importante para min (**Noemí**).

A canción gustoume bastante, o ritmo é excelente como todos os de Maná. O cantante e o batería do grupo son boísimos e nesta canción danse a coñecer bastante ben (**Mauro**).

Este disco de Maná gustoume bastante polas cancións que escoitei, teñen un bo ritmo da batería que ata algunhas veces me teño emocionado. *Bendita luz* é unha canción lenta e gústame si, pero prefiro as que son máis movidas (**Begoña**)

Presenta: **María**
Grupo: **Fito y los Fitipaldis**
Álbum: **Por la boca vive el pez**
Canción: **Me equivocaría otra vez**
Media das notas outorgadas á canción: **7,46**



**Boa, gústame o cantante (Fernando).
Fantástica canción deste increíble grupo, encabezado por un magnífico Fito (Carlos).
Non me parece unha mala canción, recorda bastante o estilo de Los Secretos (Jaime).
A Canción gustoume moito porque é un excelente grupo e fan moi boa música. Encántanme as letras deste grupo, que sei que quen as escribe é Fito. Tamén me gustan outras como: *mirando al cielo, entre las nubes de tu pelo...* (María M.).
A canción está moi ben. A letra é moi doada e fácil de entender. Coñecía o grupo de antes pero non esta canción e vexo que está moi ben (Mauro)**

Presenta: **Miguel**
Grupo: **Blink182**
Álbum: **Enema of the state**
Canción: **All the small things**
Media das notas outorgadas á canción: **7,83**



Boa, a canción gústame bastante e o grupo igual. Pero segue sen ser a que mais me gusta deste grupo (**Freddy**).

Coñecía o grupo de antes e ten un estilo que me gusta. O ritmo é moi similar em toda a canción, aínda que me gustan mais as partes principais, e en xeral toda excepto o estribillo. En xeral gustoume bastante (**Pablo**).

A canción gústame moito, o ritmo é moderado e a canción moi boa (**Juan Carlos**).

A canción gústame moito, ten un ritmo moi movido e unha estrutura repetitiva. É moi pegadiza e o seu estribillo moi rockeiro. É a miña canción favorita desta banda rock (**Miriam**).

A canción gústame moito e penso que é unha das mellores que teño escoitado do grupo, posto que é moi rítmica e combina certos toques punkies, que caracterizan o grupo (**Macarena**).

A canción xa a coñecía de antes e encántame. A min non me gustaba a música en inglés ata que coñecín a Blink 182. A letra da canción traducida é moi fermosa e a canción unha das mellores do grupo (**Margarita**).

Presenta: **Macarena**
Grupo: **Red Hot Chilli Peppers**
Álbum: **Stadium Arcadium**
Canción: **Snow**
Media das notas outorgadas á canción: **8,90**



Gústame moito este grupo, e aínda que non o coñezo moito penso que é moi bo, xa que o cantante é espectacular e os instrumentos teñen moita experiencia (**Juan B.**).

A min gústame moito este grupo e en concreto esta canción é unha das favoritas (**Iria**).

É unha das mellores cancións que escoitei ata agora, os Red... é un gran grupo e fan unha excelente música. A miña opinión é moi favorable e aínda me gustan máis outras cancións do grupo como *Under the brudge* (**María M.**).

Foi unha das mellores cancións que compuxo este grupo, desde a letra ata a música de fondo, todo encaixa. Ten un ritmo forte pero non é deses que levantan dor de cabeza. Os Red... levan moitos anos e máis que seguirán porque son boísimos (**Margarita**).

A canción encántame como outras dos Red... pero esta é unha das miñas favoritas. Gústame moito a música e a voz do cantante. A canción ten moito ritmo e é un deses temas que soben o ánimo ao escoitalo. Lémbreme aos meus amigos e a momentos divertidos que pasei con eles (**María R.**).

Esta canción é a que máis me gusta de todas, ademais este grupo é un dos meus favoritos (**Andrea Br.**)

Presenta: **Santi**
Grupo: **The Offspring**
Álbum: **Smash**
Canción: **Self Esteem**

Media das notas outorgadas á canción: **6,63**



A canción gustoume, para min a mellor de todas as que se expuxeron (**Borja**).

Boa, pero gústanme máis as cancións dos discos que viñeron despois de Smash. Outras cancións como *Americana* (**Freddy**).

É o meu grupo favorito e esta canción é unha das mellores, onde o grupo demostra todo o seu potencial (**Juan B.**).

Márcase moito o baixo, mentres que a batería marca o pulso. A voz deste cantante é moi forte, nótase nalgúns partes da canción. A guitarra soa moi apaixonadamente (**Andrea S.**).

A canción gustoume moito. Non estou acostuada a escoitar este tipo de música, rock duro, pero aínda así, agrádame moito. Encantoume coñecer este grupo (**Miriam**).

Eu non coñecía este grupo e gustoume bastante esta canción e o estilo do grupo (**Iria**)

Presenta: **Margarita**
Cantante: **Iván Ferreiro**
Álbum: **Canciones para el tiempo y las distancias**
Canción: **SPNB**
Media das notas outorgadas á canción: **4,66**



Marga le que o artista ten moita facilidade para compoñer, e cando acaban unha xira xa publican outro cd. Se analizase mais as súas letras e non as publicase todas, tería mais éxito (**Martín**).

Nunca oín falar deste grupo xa que é moi pouco coñecido en Galicia. Paréceme interesante a letra das súas cancións (**Jany**).

Gústame Iván Ferreiro porque penso que dá un toque especial ás súas cancións, fainas súas, escribe para chegar ao corazón da xente, mentres que moitos grupos só buscan vender. Gústanme as cancións que compón, a maioría falan de amor (**María R.**).

A canción é realmente preciosa, o ritmo e a música non tanto, pero refírome á letra, e si, é moi fermosa, algo triste pero ó que si moi, moi romántica (**Andrea B**)

Presenta: **Juan Carlos**
Grupo: **Panic! At the disco**
Álbum: **A Fever you can't sweat out**
Canción: **Camisado**
Media das notas outorgadas á canción: **5,96**



A canción non está mal, é a primeira vez que a escoito xa que non coñecía o grupo (**Leyre**).

Gustoume moito o ritmo da canción, e non me pareceu en nada emo como din por aí (**Miguel**).

As notas do teclado e os cambios de intensidade da canción son moi parecidos aos do grupo dos 60 The Who (**Jaime**).

O grupo nunca o escoitara antes, pero teño que recoñecer que a canción é boa (**Julia**).

Encantoume esta canción, gustoume especialmente o seu ritmo rápido e claro, e a melodía tamén está moi ben. Aínda que o grupo é un pouco descoñecido paréceme un dos mellores do momento (**Antía**).

Non coñecía este grupo nin oíra falar del. Sorprendeume moi gratamente, gustoume moito, tanto o ritmo coma o estilo (**Miriam**).

Nunca oíra a este grupo e a canción gustoume bastante posto que alterna partes con moita forza con outras máis melódicas, e pese a que o baixo e a batería soan con moita forza non resulta cargante (**Macarena**)

Canción ganadora do Campionato de inverno
2007 das Músicas do Mundo



Presentada por: **Macarena**
Grupo: **Red Hot Chilli Peppers**
Álbum: Stadium Arcadium
Canción: **Snow**



Parabéns a todos e todas pola participación e interese no exercicio (O profesor)